

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP A RUA
CURSO: 4º
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: 11/5 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprende de xeito global un texto oral apoiándose na comprensión de elementos paralingüísticos (ilustracións, linguaxe corporal...)	4º-PLEB1.1 - Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade
Recoñece palabras e expresións significativas en textos orais.	4º-PLEB1.2 - Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.
Participa a maioría das veces en situacións comunicativas breves e sinxelas.	4º-PLEB2.1 - Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.
Pregunta e responde, con apoio docente para dar/obter información en interaccións cotiás.	4º-PLEB2.2 - Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.
Manifesta bastante interese e respecto polas aportacións dos seus compañeiros	4º-PLEB2.5 - Manifesta interese e respecto polas aportacións dos seus compañeiros/as.
Amosa a maioría das veces unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.	4º-PLEB2.8 - Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas
Comprende frases simples escritas, cun modelo dado, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.	4º-PLEB3.1 - Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas

	traballados previamente de forma oral.
COMPETENCIAS Competencia en comunicación lingüística Competencia social e cidadá	

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>De acordo coas <i>Instruccións do 27 de abril, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia</i>, a avaliación deste terceiro trimestre será continua e terá un carácter diagnóstico e formativo. A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das clases só poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado. O profesorado adaptará o sistema de avaliación, co obxectivo de que o alumnado poida continuar avanzando na súa formación, tendo especialmente en conta a situación dos estudantes máis vulnerables. A repetición de curso será excepcional e proporase unicamente nos casos, debidamente xustificados, de alumnado cun historial académico de dificultades de aprendizaxe para o que a permanencia no mesmo curso sexa a medida que mellor lle permita progresar no desenvolvemento das competencias recollidas no currículo. O profesorado emitirá un informe individual valorativo do traballo realizado polo seu alumnado no curso, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación dos mesmos. Estes informes serán tidos en conta de cara á programación do curso 2020-2021.</p> <p>Procedementos:</p> <p>Os procedementos de avaliación nas dúas primeiras avaliacións figuran na programación didáctica do curso e inclúen: análise das producións do alumnado, observación sistemática, intercambios orais co alumnado, cuestionarios e probas específicas.</p> <p>Para o terceiro trimestre utilizaremos a análise das producións do alumnado e o intercambio oral ou escrito con eles, tendo especialmente en conta as dificultades que entraña esta formación a distancia para o alumnado e para as súas familias, e a vulnerabilidade emocional que provoca o confinamento.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Os instrumentos empregados nos dous primeiros trimestres foron:</p> <ul style="list-style-type: none">• Análise das producións do alumnado: textos escritos, textos orais, resolución de problemas, cadernos de clase, producións plásticas, producións musicais, producións motrices..• Observación sistemática: diarios de clase, escalas de observación, rexistros, rúbricas...• Intercambios orais co alumnado: asembleas, debates, postas en común...• Cuestionarios: probas orais, probas escritas.• Probas específicas
-------------------	---

	<p>Para o terceiro trimestre, de acordo co explicado no apartado anterior, empregaremos a análise das producións do alumnado, a súa participación nas propostas programadas e o intercambio oral ou escrito con eles.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Para obter a cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o presente curso, valoraremos especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles definidas neste documento que foron traballadas durante os dous primeiros trimestres, e serán o contido das propostas de repaso, recuperación e reforzo programadas para o terceiro trimestre.</p> <p>A cualificación final será a nota media entre as cualificacións do primeiro e do segundo trimestre do curso, engadindo a valoración das actividades desenvolvidas no terceiro trimestre unicamente se beneficia ao alumno ou alumna. No caso contrario, non se terá en conta na cualificación final.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<u>As actividades as busco en internet, son fichas variadas sobre temas dados no primeiro e segundo trimestre</u>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Para trasladar a información ao alumnado e ás familias das propostas e actividades que se programarán no terceiro trimestre, utilizaremos, en función dos distintos cursos, dos recursos das familias e do tipo de contido, os seguintes medios: Abalar, correo electrónico, teléfono, E-dixgal, blogs do centro e videoconferencias.</p> <p>Para informar da propia adaptación da Programación do curso, remitiremos unha mensaxe Abalar a todas as familias, comunicando a súa publicación.</p>
Materiais e recursos	Esta adaptación da Programación do curso 2019-2020 será publicada na web do centro.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Para trasladar a información ao alumnado e ás familias das propostas e actividades que se programarán no terceiro trimestre, utilizaremos, en función dos distintos cursos, dos recursos das familias e do tipo de contido, os seguintes medios: Abalar, correo electrónico, teléfono, Edixgal, blogs do centro e videoconferencias.</p> <p>Para informar da propia adaptación da Programación do curso, remitiremos unha mensaxe Abalar a todas as familias, comunicando a súa publicación.</p>
Publicidade	<p>Esta adaptación da Programación do curso 2019-2020 será publicada na web do centro.</p>